

NÉBOA
A SÚA FILOSOFÍA

Gerardo Balado Paz

Á xuventude:

*Os soños son a mensaxe
Que ofrecemos
A súa realidade o noso traballo.*

PROLOGO

Este pequeno libro tan so pretende amosar unha síntese do pensar filosófico no que "NÉBOA" se fundamenta.

É o punto de partida para o desenvolvemento global da nosa filosofía e o precedente para a elaboración dun segundo libro, máis extenso, onde se recolle a aplicación práctica dos nosos principios filosóficos "O CAMPISMO DE FORTUNA", ao mesmo tempo que plasma a cohesión que, ao noso entender, debe existir entre o Home e a Natureza.

*Gerardo Balado Paz
Neda en Xaneiro de 1995.*

Reflexións
Para a
Humanidade

Moitos pobos, tribos, e razas ao longo da historia souberon dar sempre un trato diferenciador no positivo á Natureza. Pola contra, outros pobos coas súas manifestacións e actitudes viñeron danando constantemente a Natureza e aos seus defensores.

Neste libro vémonos na obriga de introducir unha mensaxe do comportamento do home blanco, con respecto ao pensar dun dos pobos máis ecoloxistas do mundo, refirome ao Pobo indio. A través deles, quero render ese pequeno recoñecemento e homenaxe por esos dons que tiveron como pobo.

A mensaxe universal que legou o indio Seattle non é unha mensaxe valdeira porque a través del pódense sentir representados todos esos pobos, tribos, e colectivos, onde a natureza todavía adquire e ten ese valor como nai de vida e, por conseguinte, como núcleo principal da nosa existencia.

A mensaxe do indio Seattle terá unha humilde resposta a través doutra mensaxe que o autor se ve na necesidade de manifestar a tan bó legado de vida.

Carta do indio Seattle á James Monroe en 1819

O gran Xefe de Washington mandou facernos saber que quere mercar as nosas terras xunto con verbas de boa vontade. Moito agradecemos este detalle porque ben coñecemos a pouca falta que lle fai a nosa amizade. Queremos considerar o ofrecemento porque ben sabemos que, si non o fixésemos poden vir os rostros pálidos e arrebatarnos as terras con armas de fogo.

Pero Como podedes mercar ou vender o ceo e a calor da terra? Esta idea resultanos rara. Nin o frescor do ar nin o brillo da auga son nosos. Como poderían ser mercadas? Tedes que saber que cada anaco desta terra é sagrada para o meu pobo. A follá verde, a praia areosa, a néboa no bosque, o mencer entre as árbores, os pardos insectos, ... son sagradas experiencias e memorias do meu pobo. Os mortos do home blanco esquecen a súa terra cando comezan a viaxe a través das estrelas. Os nosos mortos nunca se alonxan da terra que é a nai. Somos unha parte dela e a flor perfumada, o cervo, o cabalo e a aguia maxestuosa son os nosos irmans. As escarpadas penas, os húmedos prados, a calor do corpo do cabalo e do home, todos pertencen á mesma familia. Por iso cando o gran Xefe de Washington nos fai dicir que quere mercar as terras, di que nos reservará un lugar no que podamos vivir confortablemente entre nós. El convertirase no noso pai e nós nos seus fillos. Por iso consideramos a súa oferta de mercar a nosa terra. Non é doado, xa que esta terra é sagrada par nós. É demasiado o que pide.

A auga cristalina que corre polos ríos e arroyos non é somente auga, senón tamén representa o sangue dos nosos antergos. Si vola venderámos, teriades que lembrar que son sagradas e amosarllo así ós vosos fillos, ... tamén os ríos son nosos irmáns porque nos liberan da sede, arrastran as nosas canoas e nos abastecen de peixe e cada reflexo fantasmagórico nas claras augas dos lagos conta os sucesos e memorias das vidas da nosa xente. O murmurio da auga é a voz do pai de meu pai. Si, gran Xefe de Washington, os ríos son nosos irmans, e sacian a nosa sede, son portadores das nosas canoas e alimento dos nosos fillos. Se lles vendemos as nosas terras, vostedes deben lembrar e amosarlles aos seus fillos que os ríos son os

nosos irmáns e tamén os seus. E polo tanto debemos tratar coa mesma dozura coa que se trata a un irma.

Por suposto que entendemos que o home blanco non entende a nosa maneira de ser. Tando lle da un anaco de terra como outro, porque é como un estrano que chega de noite a sacar da terra todo o que necesita. Non a ve como un irmá senón como unha inimiga. Cando xa a fai sua despreciaa e continua camiño adiante, deixando atrás a tumba dos seus pais sen lle importar. Secuestranlle a vida aos seus fillos. Tampouco importa. Tanto a tumba dos seus pais como o patrimonio dos desu fillos son esquecidos. Trata a súa nai, a terra e ó seu irmá, o firmamento, como obxectos que se mercan, se explotan e se venden como ovellas ou contas de cores. O seu apetito devora a terra deixando atrás só un deserto.

Non o poido entender. Nós somos dun xeito de ser ben diferente. As vosas cidades firen os ollos do home de pel vermella. Quizá sexa porque nós somos salvaxes e non podemos comprender. Non hai un só sitio tranquilo nas cidades do home blanco, ningún lugar onde se poida escoitar na primavera o despregamento das follas e o rumor das ás dun insecto. Quizais é porque son un salvaxe e non comprendo ben as cousas. O ruído da cidade é un insulto para os oídos. E eu preguntome: Que clase de vida ten o home que non é quen de escoitar o grito solitario da garza ou a discusión nocturna das rás entorno da balsa? Son un Pel vermella e non o poido entender. Nós preferimos o suave susurro do vento purificado pola choiva do mediodía, ou perfumado co aroma dos piñeiros. O ar ten un valor inestimable para o pel vermella, xa que todos os seres comparten o mesmo alento, a Vesta, a árbore, o home, todos respiramos o mesmo ar. O home blanco non parece consciente do ar que respira. Coma un moribundo que agoniza perante moitos días é insensible ao feder. Pero si lle vendemos as nosas terras deben lembrar que o ar comparte o seu espírito coa vida que sostén. O vento que deo aos nosos avós o primeiro sopro de vida tamén recibe os seus últimos sospiros. E si lles vendemos as nosas terras vostedes debenas conservar como cousa aparte e sagrada como un lugar onde ata o home blanco pode saborear o vento perfumado polas flores das pradeiras.

Cando o último pel vermella este desaparecido desta terra, cando non sexa máis que a súa lembranza a súa sombra, como o dunha nube que pasa polas pradeiras., entón todavía estas ribeiras e estos bosques estaran

poboados polo espírito do meu pobo. Porque nós amamos este país como ama o neno os latexos do corazón da súa nai.

Se decidise aceptar a vosa oferta, tería que por unha condición que o home blanco considere aos animais destas terras como irmáns. Son un salvaxe e non comprendo outro xeito de vida.

Teño visto millares de búfalos pudrindo abandonados nas pradeiras, mortos a tiros polo home blanco dende o ten en marcha. Son un salvaxe e non comprendo como unha máquina fumeante pode importar máis que o búfalo ao que nós matamos só para sobrevivir.

Que poder ser o home blanco sin os animais? Se todos os animais desaparecesen o home moriría nunha gran soidade. Todo o que lle pase aos animais moi pronto lle sucederá tamén ao home. Todas as cousas están ligadas.

Debén amosar aos seus fillos que o chan que pisan son cinzas dos nosos avós. Inculquen aos seus fillos que a terra está enriquecida coas vidas dos nosos semellantes a fin de que saiban respetala.

Amosen aos seus fillos que nós amosamos aos nosos que a terra é a nosa nai. Todo o que lle ocorre a terra ocorrelle aos fillos da terra. Se os homes escupen no chan escupense a si mesmos.

Dunha cousa estamos ben seguros: a Terra non pertence ao home, é o home o que pertence á Terra. Todo vai enlazado, como o sangue dunha familia. Todo vai enlazado.

Todo o que lle ocorre á terra ocurrirá aos fillos da Terra. O home non texeu a trama da vida, él é só un fio. O que fai coa trama faillo a si mesmo. Nin siquiera o home blanco cun Deus que pasea e fala con él de amigo a amigo, queda exento do destino común. Despois de todo, quizá sexamos irmáns. Xa veremos.

Sabemos unha cousa que quizá o home blanco descubra algún dúa, noso Deus, é o mesmo Deus. Vostedes poden pensar que agora él lles pertence, o mesmo que desexan que as nosas terras lles pertenzan. Pero non é así. Él é Deus dos homes e a súa compaixón comparte por igual entre o pel

vermella e o home branco. Esta terra ten un valor inestimable para él e si se dana provocárase a ira do creador.

Temén os blancos se extinguirán, quizá antes que o resto das tribos. O home non tuxeu a rede da vida pois só é un dos seus fios e está tentando á desgraza si ousa romper esa rede. Estamos ben seguros, todas están ligadas como o sangue dunha mesma familia. Se ensuciades o voso leito, calquera noite morreredes sofocados polos voso propios excrementos.

Pero vostedes camiñarán cara a asúa destrucción rodeados de gloria, inspirados pola forza de Deus que lles trouxo a esta terra e que por algún designio especial lles deu dominio sobre elas e sobre o pel vermella. Este designio é un misterio para nós, pois non entendemos por que se exterminan os búfalos, se doman os cabalos salvaxe, se saturan os rincóns segredos dos bosques co aliento den tantos homes e se atiborra a paisaxe das exuberantes colinas con cables parlantes.

Onde está o bosque espeso? Desapareceu. Onde está a aguia?...

Así remata a vida e comezamos a sobrevivir tan só.

O LEGADO DO VENTO E A SÚA LINGUAXE

- *Quen é o portavoz do pasado? o vento.*
- *Quen ten unha pluralidade de linguaxe? O vento.*
- *Quen é coherente coa natureza? O vento.*
- *Quen sabe da humanidade? O vento.*
- *Quen porta, quen transporta o pasado, o presente? Quen falará no futuro? O vento.*

Despois de reflexionar e de entender o que é o vento faigo esta evocación.

Si falara Que diría á humanidade dos seus comportamentos cara a súa Nai natureza? Que diría do home branco, esa raza superior na forza pero non na razón? Que pensaría das nosas promesas ao Pobo Indio, do seu exterminio como pobo e máximo representante da Natureza?

*Que diría o indio Seattle si soubera a palabra "sagrada" do home branco, das súa promesas incumplidas, dos seus traballos de palla, etc? Pero o home será tan necio que non querera darse conta de que, coas súas actitudes, camiña cara a súa propia destrucción!
O vento será fiel testemuña do tempo.*

Qué dirán os animais, os bosques, os ríos e o ar cando todo remate? Será posible esto ou é unha reflexión dun pesimista, e todo camiña cara un mundo feliz?

Vento, vento, ti non erras ao home. Este trata de te enganar, usate, cre posuírte, que íluso!

Ti es a aura da Natureza, eres fillo do eterno, como eternas son as pradeiras, bosques, ríos e animais da terra do indio Seattle.

Este pel vermella deixou ao home blanco un legado para a humanidade. Non deben ser historia os seus pensamentos e reflexións, teñen que ser presente, e é o vento a imaxe e o soño que podera amosar e dar a razón de que a humanidade non pode continuar coa destrución de quen lle dá vida: A Natureza nai de todos e de un todo.

Xuventude! Reflexiona, lé, entende e loita para que a mensaxe de Seattle non caía no esquecemento e así tamén na destrución do que é patrimonio da humanidade, para conseguir un mañá con esa Natureza sá e libre de falsas promesas.

Néboa
a súa filosofía.

Cando pensamos na creación da entidade, os nosos primeiros pasos encamiñáronse cara a búsqueda da súa filosofía e que obxectivos poderíamos establecer con ela.

“NÉBOA”, a súa filosofía, ten como fonte fundamental dous aspectos ou referencias nas que basarse, que son:

- A Natureza como expoñente de orde e de vida.*
- O home como eixo sobre o que xira todo o noso bó pensar.*

Esto motivou que a filosofía de “NÉBOA” esté estruturada en catro alicerces básicos, que recollen a nosa forma de pensar, obrar e, como non, o noso desexo para co mundo:

- A Naureza e a súa importancia.*
- O home e o seu comportamento.*
- A educación do mañá.*
- Os soños e a súa realidade.*

A Natureza e a súa importancia.

A Natureza e a súa importancia conforma o primeiro dos catro puntos básicos nos que sustentamos a nosa filosofía, ademáis de ser considerada prioritaria na configuración dos apartados educativos e de carácter ecolóxico formativo que sobre a Natureza debemos ter.

A Natureza acada o seu máximo valor dentro da nosa filosofía porque entendemos que a través dela, e somente con ela, poderemos, non só desenvolver o noso Campismo Fortuna, senón como único medio da nosa existencia, considerala como eixo principal de todo tipo de vida terreal.

A importancia que a Natureza ten debe ser contemplada, estudiaada e analizada con profundidade e rigor, xa que todo trato discriminatorio e vexatorio repercutirá no comportamento que ésta desenvolverá nun futuro a longo plazo.

A Natureza deber ser o alicerce básico, non tan só na nosa filosofía campista, senón tamén de calquera sistema cultural-educativo, tendo sempre presente que non se poderá facer un estudo racional da mesma, e trata-la de xeito totalmente contrario.

Cando eleximos como primeiro alicerce da nosa filosofía, a natureza e a súa importancia, éramos coñecedores de que isto debería ser así. Desde a filosofía de "NÉBOA" así o sintíamos, e tamén porque desde os postulados sociais e formativos que plantexamos, non só para o presente, senón tamén cara o futuro, a natureza adquire o papel de protagonista como soberana en canto fonte de beleza, e como pulmón e corazón de vida.

Desde NÉBOA, queremos amosar a nosa gratitude a todos os pobos e colectivos que viven respetando a natureza, á benefactora da Humanidade, así como a todas aquelas persoas que fan da Natureza un motivo importante do porque da súa existencia, dos seus comportamentos e actitudes.

A Natureza e a súa importancia terá que ser moito máis divulgada e dada a coñecer á sociedade en xeral. Pero a nosa filosofía intenta obrigatoriamente que o sector social do que dependerá fundamentalmente a construción do futuro, referímonos claramente á xente nova, sea o primeiro no inicio do seu coñecemento. Sector do presente que herdará cando adulto, unha Natureza que só o tempo se encargará de dicir en que forma, que consecuencias e importancia tera para as próximas décadas.

“NÉBOA” basearase, non só no alicerce fundamental que é a Natureza, senón tamén no resto dos puntos que conforman a nosa filosofía social e o sistema educativo resultante. Nembargantes, como xa dixemos, o seu eixo vital ha de ser a Natureza e a importancia eque esta ten e terá para a humanidade no presente e no futuro da vida na Terra, e as consecuencias que se derivarán de que aceptemos ou non que a natureza debe ter o protagonismo que lle corresponde en toda forma de vida.

Todo esto fai que pensemos do seguinte xeito: partindo de ser a Natureza o eixo principal, fonte da nosa vida, a mente humana, nas súas capacidades, debe asumir, con toda claridade, a importancia e a necesidade da mesma. De ser así, daríamos un paso adiante para que, nun futuro a Natureza sexa preservada, entendida e respetada, tal e como corresponde.

O home e o seu comportamento.

É o segundo alicerce dentro do desenvolvemento filosófico de “NÉBOA”. Complementase cos restantes alicerces que a nosa asociación asume como filosofía e o desenvolvemento da mesma en materia cultural, a través dos seus programas e plans que intentan conseguir un maior entendemento e divulgación do Campismo Fortuna. Ademais pretendemos que a oferta cultural que asume e propón á sociedade teña nos seus principios e fins o lograr que a nosa filosofía sexa entendida, respetada e practicada polo maior número posible de xovenes e da sociedade en xeral, sin distinción de razas, ideoloxías, ...

O comportamento do home é un aspecto a ter moi en conta en calquera intento de desenvolvemento filosófico, ademais dos fins que co mesmo se pretenden acadar. O home e o seu comportamento debe ser materia de estudo e de análise para que cando poñamos en marcha calquera plan ou programa esto sexa contemplado tanto nos aspectos positivos, como tamén moi especialmente aquelas actitudes negativas que poidan pór en perigo non só os nosos plans e obxectivos, senón tamén a natureza. Sobre todo comportamentos inconsecuentes coa Natureza e con toda forma racional de respecto cara ó seus semellantes, que como eixo de cultura e formación se debera posuír.

Ao longo da historia e do tempo o home manifestou como un feito contrastado, que o amor á Natureza e o respecto ós seus semellantes non se cumpriron, nin se cumpren como é de esperar, a pesar da súa intelixencia, raciocinio e sentido común.

Os nosos comportamentos son cuestionados por aqueles sectores sociais, pobos, países que sofren todo tipo de agresión ética e moral por parte de gobernantes e sectores co único fin do poder de domeñar toda forma de vida, sen deterse a pensar e razoar as consecuencias que isto orixina, non só no momento propio das súas intervencións, senón nos séculos vindeiros, e o presente nos comportamentos e actitudes do pasado.

Dado que este aspecto o punto básico filosófico que tratamos de desenvolver ten como elemento esencial a Natureza queremos manifestar que o aquí exposto trata de recoller e lembrar todo tipo de agresións dirixidas á Natureza no nome do estado do benestar social, pero o seu precio non o pagan os seus impulsores, pagao a humanidade en xeral e a natureza, eixo principal e fonte de vida.

Do home e os seus comportamentos teremos moito que aprender para cambiar aquelas actitudes negativas que ao longo do tempo veñen poñendo en perigo a existencia do home como tal, ademáis de arrastrar cara a destrucción total ao resto dos seres vivos que forman xuntamente con él ese paraíso que en condicións normais debería ser o planeta Terra.

Estas reflexións non tratan de ser pesimistas, ao contrarió son optimistas porque pensamos que a nosa conciencia está cambiando cara ese trato e respecto que como seres racionais debemos manifestar e posuír.

Este punto, como un dos alicerces que forman parte da nosa filosofía e en particular dos nosos principios a establecer no noso Campismo Fortuna, é un dos programas donde “NÉBOA” pon un maior énfase na súa divulgación e práctica.

O home e os seus comportamentos dentro da nosa filosofía cambian radicalmente, non só no aspecto persoal senón tamén no que respecta ao grupo como elemento integrador social contra o individualismo desmedido, así como ese cambio xeral e particular que experimenta cara a Natureza e todos os seus compoñentes.

Do home e os seus comportamentos esperamos a súa mellor proba, dada a importancia que a súa aportación ten para lograr os nosos fins.

A educación do mañá

É o terceiro apartado que forma os catro alicerces básicos e esenciais para o desenvolvemento global da nosa filosofía.

É capítulo vital, non só como compoñenete de cohesión dos tres puntos ou alicerces restantes, senón que da súa aportación dependerán en gran medida os resultados finais dos obxectivos xerais establecidos, e os particulares que para o alicerce ou punto en sí sexan fixados.

A educación do mañá pasa obrigatoriamente polo tipo de educación que estamos recibindo no presente o da herdanza ou legado que temos do pasado en materia educativa. Ou sexa, o futuro do sistema educativo virá determinado polo grao de incidencia da educación recibida con anterioridade.

A planificación educativa do mañá non poderá particularizar sobre uns determinados aspectos, senón que deberá ter un tratamento globalizado. Os resultados e actuacións dependerán da calidade de ensino recibido, así como do sector social a quen vai dirixido o programa, o plan en concreto.

Na educación do mañá habera que ter en conta certos valores sociais e tradicionais que aínda non desapareceron e lembran outros que si foron arrastrados pola decadencia de certos aspectos educativos, sociais, políticos, ..., sendo isto motivado polas convulsións que a sociedade actual está padecendo por mor de diferentes procederes que emanan dos poderes, e que exercen unha influencia moi directa nos comportamentos sociais da humanidade en xeral.

Pouco ou muy pouco, baixo o noso punto de vista, se mellorou a nivel mundial, cara un sistema educativo integral. É dicir, poñense en funcionamento moitos plans e programas a sabendas de que chocan con outros existentes, e sin existir a orde e equilibrio necesarios para lograr esa meta final que aglutina á humanidade cara o respecto de valores persoais e colectivos.

A humanidade deberá ter no futuro ese sistema educativo común, de trato e respecto ao individuo e ao colectivo. Pero sempre terá que preservarse de todo arrebatado irracional contra a Natureza xa que, sin ela o noso futuro como humanidade correrá un serio e gran perigo de supervivencia, ao mesmo tempo que nos atoparemos cunha sociedade deshumanizada e carente de valores sociais, indispensables para levar unha vida en paz e equilibrio como equilibrio é a Natureza.

Á educación do mañá intentamos contribuír desde “NÉBOA” poñendo en práctica toda a nosa filosofía e pensar.

Os soños e a súa realidade.

É o cuarto alicerce sobre o que sustentamos a nosa filosofía e reflicte, non só unha aspiración xeral para o rapaz ou adulto, senón que ésta chea dunha forte dose dunha particular forma de ser e pensar no que respecta as nosas ilusións, traballo e obxectivos.

Os soños e a súa realidade contemplanse como algo intanxible que pode plasmarse e dar contestación ao soño ou á mente, en definitiva, a moitas fantasías que, como persoas, visionamos, para dar cabida a un tipo de felicidade ou logros que, na realidade, parece moi difícil de acadar.

Na filosofía de “NÉBOA”, os soños e a súa realidade forma parte vital do su contido xenérico e educativo. Proba diso son os programas e actividades que planificamos para acadar, cunha boa dose de imaxinación, os obxetivos xerais que “NÉBOA” ten establecidos, axudando así, en gran medida, á consecución de obxectivos particulares e persoais de centenaes de xovenes.

A través dos soños e a súa realidade inculcamos ao xoven ese optimismo e forza necesarios para emprender un novo pensar, non só nas súas propias aptitudes e actitudes, senón nese camiñar cara novas sendas, que o leven cara un horizonte donde a Natureza sexa entendida, querida e disfrutada.

Sin soños non hai esa fonte de enerxía e de imaxinación para conseguir que a realidade e o soño se xunte e fusionen nun só, dando esa gran resposta a vellas aspiracións, e metas con bonitos ideais, inxenuos,

pero xenerosos cun mesmo e co grupo que forman parte da existencia de toda persoa nova ou adulta.

Cos soños e a súa realidade, resulta moito máis sinxelo o entendemento de épocas pasadas. Así podemos imaxínanos ser Robinsons nunha illa perdida, mosqueteiros percorrendo sendas preciosas, Buffalo Bill, e un longo etcétera, de persoeiros históricos e mitolóxicos que, por algún motivo, en certa ocasión quixemos imitar, pero nunca puídemos realizar por non ter os medios necesarios para facelo.

Soñar é maravilloso, pero visionar, e participar del de xeito activo e real e máis bonito e gratificante, ademais de ser un bo antídoto contra a frustración e o desencanto particular e xeral que tanto asola a sociedade.

A través de “NÉBOA”, e baixo a tutela dos nosos principios básicos, podemos conseguir devolver o sorriso e a ledicia a moitos xovenes que se sinten desencantados e pouco atraídos polo que os rodea. O rapaz, a través de “NÉBOA” adquire un papel moi importante como actor-director dunha serie de películas e secuencias que o marcarán para sempre, sendo inolvidables para él esas experiencias e coñecementos, que un día adquiriu na práctica do Campismo Fortuna.

O soño debe continuar, e a súa realidade perdurar, en función da circunstancia e necesidade do soñador. Para que isto así ocorra, os nosos programas terán que ter ese carácter de continuidade para axudar e abrir esa porta de aventura e realidade aos que comezan na práctica do campismo Fortuna.

Pero non só se beneficia o novo e o adulto dos soños e a súa realidade. Será beneficiada de tan fermosa filosofía “fantástica”, a natureza, porque ela é o elemento integrador e eixo sobre o que xiran a maior parte dos nosos programs.

O campismo Fortuna non é un campismo utópico. Pola contra, é un paso cara unha nova etapa que estamos vivindo no que respecta ao home e a Natureza, ao home e ós comportamentos, ao mañá e á súa realidade, aos soños e as súas aportacións.

Que bonito é pensar cando evocamos esos soños fantásticos e maravillosos! Que bo é poder contar como, a través da nosa filosofía, podemos pór na realidade todo o que a nosa mente pensou en realizar en soños, tanto a nivel particular como colectivo!

Soños e realidade manifestanse e dan ese toque de distinción que fan do Campismo Fortuna unha fórmula vella no tempo que adquire esa consideración esencial na actualidade, co fin de conseguir uns valores sociais e éticos relevantes, que repercutirán nunha mellor calidade de vida natural, donde a Naturza, o novo ou adulto e os seus soños sexan a realidade do presente e o futuro.

“NÉBOA” posibilita ese achegamento necesario para iniciar ese gran cambio que a humanidade debe experimentar para lograr que os soños e a súa realidade se cumpran, pero dentro dun guión donde o home adquira ese papel tan característico en toda obra literaria, en donde o seu contido esencia sexa a vía en Paz e Liberdade, e a Natureza permita, gracias á súa existencia, que sigamos soñando para facer posibles os

*nosos soños “A Realidade”. Esta non é un soño, é unha
necesidade.*